

# Todos os libros do Presidente Rajoy

GUSTAVO LUCA DE TENA

A quen non sorprende e maravilla o importante exército de políticos galegos que poden, sen aparente esforzo, cumprir a travesía do poder sen romper nen manchar o voto de silencio con algunha modesta proposición sobre as cousas da vida: prezos e salarios, reconversión industrial, o futuro do seu propio país, etc. Alguñs imolarían os pelos da súa barba, como San Andrés Bobola, antes que dar a coñecer o que pensan sobre cuestións fundamentais ou filosóficas. E comovedor, neste panorama, o caso do presidente da Deputación de Pontevedra: Mariano Rajoy confesa ter lido dous libros sobre a humana natura; e aínda máis: citaos deseguido e di que daquelas páxinas está a explicación última das desgracias que nos acaan.

Quén son estes dous escritores que poden ir polo mundo presumindo de seren o Camiño de Damasco intelectual do presidente, de ser os autores de todos os libros do presidente? Os tempos son pasados en que os conservadores latinos procuraban cara o Norde o último tango ideolóxico para xustificar a súa hecemonía: Hobbes, Nietzsche, Bentham, Krause ou Rosenberg. Rajoy mama na casa, e o seu compact de ideas ten por pilares a Luis Moure-Mariño coa súa obra *La desigualdad humana* e a Gonzalo Fernández de la Mora con *La envidia igualitaria*.

Non é certo que o pensamento conservador ande de saldo. Cando xa non é presentábel botarlle a culpa dos males do mundo aos negros, aos xudeos, ao perigo amarelo, ao terronismo nen aos obreiros que non queren traballar ("para non, traballo si!") a maldade procede polo visto do material xenético da célula, como constata alporzado o presidente da Deputación de Pontevedra. Naturalmente hai que engadirla a toda presa que hai células que viaxan en primeira clase e células que non hai por once collelas; células que non serven nen para emigrar ou cobrar un ruín subsidio de paro. Rosenberg ou Ernst Kriek, ideólogos de Hitler, carregábanlle as culpas á raza ou a certos sinais de identidade, pero aqueles eran tempos de grande sinceridade política. O propio marco da evolución política impediría hoxe a un partido pór en circulación un discurso racista no sentido científico de teoría do comportamento que defenderon Gobineau, Stuart Chamberlain, Rudyard Kipling ou Rosenberg. Unicamente coa violencia institucional (Suláfrica) se pode manter un siloxismo de poder no que o branco caucásico se entronca na vangarda da evolución biolóxica con prerrogativas sobre raas asiáticas, negros ou toda a sociedade anónima dos maltratados da historia. Expulsado a couces da trincheira do racismo, o asalto á razón cava hoxe afincadamente a no-

va posición científica (que se saiba, tanto como o racismo) da sócio-bioloxía: o racismo da pel ou da étnia érguese de novo sobre o código xenético. Tan hixiénico discurso non só se pode presentar en sociedade, senón que se lle pode meter de contrabando aos países do terceiro mundo pola porta dos libros de texto. Así, un escolar mexicano de básica aprende que a infelicidade que se lle reserva non provén de estar tan lonxe da divina providencia e tan perto de Estados Unidos (atribuído a Rulfo), senón da heranza xenética que recebeu na célula. A vantaxe desta receita é que serve de xustificación para a hecemonía non só a respecto das étnias senón do poder dunha clase sobre outra.

A primeira das biblias que cita o presidente Rajoy chámase *La desigualdade Humana*, o seu autor é Luis Moure-Mariño e o seu editor a Fundación Cánovas del Castillo (Alianza Popular), a mesma que montou o palmar de Poio da Universidade del Atlántico ou verán pasado cos cartos dos contribuíntes. Este libro, que o señor Rajoy Brey califica de *magistral*, non foi sequer reseñado nos diarios de maior circulación, porque é simplemente deleznable como produto intelectual e até nas páxinas de letras dos periódicos conservadores funciona por voces o mecanismo elemental da vergoña.

Moure Mariño di, por pór un exemplo, neste libro que "con Mendel a herencia deixa de ser un feito observado para encauzarse por leyes científicas y matemáticas (...). Mendel probó la existencia de leyes de la herencia biológica que antes intuídas y confirmadas por la experiencia sólo a partir de Mendel quedaron científicamente establecidos".

A inxenuidade de crer que todos os rasgos humanos se comportan como a cor, o tamaño ou a textura das ervillas de Mendel é nada menos que de 1912. Goddard e outros racistas pretendían que incluso as partes máis complexas dun corpo procedían dun xen único e que as variacións na anatomía ou o comportamento corresponderían ás formas dominantes ou recesivas daquel xen. Hoxe é ben sabido (e a Fundación Cánovas tiña a obriga de perguntalo), que practicamente todos os rasgos importantes do corpo humano proceden da interacción de moitos xens entre si e como ambiente externo. Os primeiros libros de eucenesia, ciencia pedante e ameazadora no seu tempo e hoxe viveiro humorístico, afirmaba que todos rasgos indesexábeis podían derivarse de xens específicos. Dali nasceron propostas de restricións sobre a reprodución ou especulacións fantásticas sobre linaxes, traballosamente amañadas para seguir polo fio xeracional un xen artístico, a fillosufia da saudade ou a pederastía contumaz. A partir do dogma mendeliano, Moure-Mariño explica que

a tendencia ás drogas, un exemplo, ou certas formas de delincuencia proceden de heranza xenética.

O segundo libro do presidente Rajoy chámase *La envidia igualitaria* e o seu autor é Gonzalo Fernández de la Mora. Este texto párcele tamén ao presidente *magistral* e recomenda a súa lectura "a todos aqueles que quieran ampliar su conocimiento sobre el hombre". O texto de Fernández de la Mora di barbaridades racistas semellantes ás de Moure-Mariño, aínda que admira o eufemismo, a reserva mental ou a ocultación con ben máis maña. Dous exemplos tomados desta alfaia *magistral* e científica son unha ocultación flagrante na longa cita que fai o autor do biólogo racista británico Cyril Burt; e a afirmación —pérola negra de don Gonzalo— de que o rendimento intelectual dos negros en USA é inferior ao dos brancos por unha cuestión racial, que non ambiental ou circunstancial. De la Mora teima por demostrar que "El reparto de la capacidad mental es (...) rotundamente dispar y crea una masa más o menos desposeída y una minoría intelectualmente privilegiada". En favor de tal proposta convoca o espírito de Burt e o seu mundialmente famoso traballo científico con 53 parellas de xemeos univitelinos. Iste traballo serviu de base a Arthur Jensen (outro nazi) para o seu célebre artigo (1969) sobre o carácter herdado das diferencias de rendimento intelectual entre brancos e negros nos USA. O que non conta De la Mora (e o presidente Rajoy non debe saber) é que o nome de Burt só se cita hoxe entre os investigadores de todo o mundo como sinónimo de vergoña e falsificación. Oliver Gillie descubriu con grande escándalo en 1976 que Burt mentira deliberadamente nos datos do seu famoso traballo hereditarista. Tamén se descubriu fraude noutras investigacións de Burt que deran a volta ao mundo. Recomendolle ao presidente Rajoy, namorado do científico asunto segundo lle confesa a Tucho Calvo nunha recente entrevista, que lea a excelente biografía do impresentábel Burt escrita por L.S. Hearnshaw. Este investigador, que no primeiro foi admirador incondicional de Burt, edifica o perfil biográfico dun psicópata que argallou todo tipo de mentiras para salvar o seu dogma que predicaba a transmisión hereditaria da intelixencia. Até o propio Jensen recoñeceu que os traballos de Burt estaban amañados fraudulentamente, o que non impede que De la Mora o cite como pontífice da bioloxía actual e o presidente Rajoy escriba alporzados artigos nos que recomenda aos seus votantes estas leituras.

Na poderosa Deputación de Pontevedra, qué política cultural defende o presidente Rajoy? Se chouta publicamente de entusiasmo coa lectura destes lixos, qué pensará o presidente Rajoy dos seus votantes?

